

EXPEDIENTE:	Proposta ampliación zona 5 residentes, rúa Xasmíns
PROCEDEMENTO:	Aprobación da ampliación da zona de residentes nº 5 Ultreia, para a rúa Xasmíns.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 2 de maio de 2023 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación da ampliación da zona de residentes nº 5 Ultreia, para a rúa Xasmíns.

A proposta é do seguinte teor literal:

ANTECEDENTES

Con data 21 de abril de 2023, o técnico municipal do Servizo de Mobilidade e Seguridade, emite informe, no que se pon de manifesto:

A rúa dos Xasmíns nestes momentos non está integrada en ningunha zona de Residentes que lle permita aparcар en ningunha das prazas coas que conta.

Na actualidade o aparcamento da rúa dos Xasmíns está regulado polo sistema ORA en horario diurno, quedando reservado para os residentes do Casco Histórico pola noite.

Atendendo ás distintas solicitudes presentada polos veciños, este Departamento plantexa a inclusión da rúa dos Xasmíns na Zona 5 de residentes de Ultreia, con dereito a tarxeta e a posibilidade de estacionar nas zonas de aparcamento reservas que lle corresponden a esta Zona 5.

A inclusión da rúa nesta zona leva consigo unha modificación do seu estacionamento en horario nocturno, que consiste en dividir a rúa en dous tramos, o primeiro tramo, dende a avenida de Coimbra ata o paso de peóns do colexio López Ferreiro, 17 prazas, quedará reservado para a zona 5 de Ultreia, e un segundo tramo, 10 prazas, que seguirá reservado ó aparcamento do Casco Histórico como ata o de agora.

CONSIDERACIÓNS

A Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Aparcamento ORA e Aparcamento de Residentes dispón:

A Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro competente en materia de Tráfico e Mobilidade, poderá:

a) Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para todas as zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado.

Asemade, poderá tamén realizar ditas modificacións con relación as zonas de residentes.

b) Deixar en suspenso, na súa totalidade ou no do seu ámbito territorial, a aplicación da presente ordenanza durante os períodos ou días necesarios, por causas relacionadas ca conxestión do tráfico e os estacionamentos, ou outras circunstancias de interese público.

c) Suprimir ou crear as prazas de estacionamento do sistema ORA para a mellor acomodación do viario os usos e tránsitos rodados e peonís execución de obras en dominio público, traslado de contedores de residuos, etc.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

Aprobar a ampliación da zona de residentes nº 5 Ultreia incluíndo na mesma a rúa Xasmíns que supón unha modificación do seu estacionamento en horario nocturno, consistente en dividir a rúa en dous tramos, o primeiro tramo, dende a avenida de Coimbra ata o paso de peóns do colexio López Ferreiro, 17 prazas, quedará reservado para a zona 5 de Ultreia, e un segundo tramo, 10 prazas, que seguirá reservado ó aparcamento do Casco Histórico como ata o de agora.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a ampliación da zona de residentes nº 5 Ultreia incluíndo na mesma a rúa Xasmíns que supón unha modificación do seu estacionamento en horario nocturno, consistente en dividir a rúa en dous tramos, o primeiro tramo, dende a avenida de Coimbra ata o paso de peóns do colexio López Ferreiro, 17 prazas, quedará reservado para a zona 5 de Ultreia, e un segundo tramo, 10 prazas, que seguirá reservado ó aparcamento do Casco Histórico como ata o de agora.